

# NORMATIVA CATEGORÍA “PROMESAS”

Tempada 2017/18. Circular 17-10.

Establécense dúas fases, as xornadas locais e o «Festival Galego PROMESAS», conforme ás seguintes bases:

## 1. Xornadas Locais

### 1.1. Organización, datas e sedes

1.- Os clubs afiliados á FEGAN poderán organizar «tomas de tempos» para os nadadores dos anos:

Categoría Feminina: nados no 2009 e posteriores.

Categoría masculina: nados no 2009 e posteriores.

2.- Os clubs interesados na celebración das devanditas xornadas deberán poñelo en coñecemento da Federación oportunamente.

3.- As datas límite para a celebración de cada xornada e envío de resultados á FEGAN, serán a finais dos meses de novembro para a 1ª xornada, xaneiro para a 2ª xornada, febreiro para a 3ª xornada e abril para a 4ª xornada.

### 1.2. Programa de probas

Xornada 1	Xornada 2	Xornada 3	Xornada 4
1.- 25 libres masculino 2.- 25 libres feminino	3.- 25 costas masculino 4.- 25 costas feminino	5.- 25 braza masculino 6.- 25 braza feminino 7.- 50 libres masculino 8.- 50 libres feminino	9.- 25 bolboreta masculino 10.- 25 bolboreta feminino 11.- 50 costas masculino 12.- 50 costas feminino

### 1.3. Participación

1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculina: nados en 2009 e posteriores.

Feminina: nadas en 2009 e posteriores.

2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas sen ningún límite.

### 1.4. Inscripcións

1.- Realizaranse a través do XESDE e a acta de inscrición que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org).

### 1.5. Fórmula de competición

1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

2.- En ditas xornadas poderán actuar como xuíces-árbitros os propios técnicos dos equipos participantes, debendo acreditar a veracidade dos resultados.

3.- A puntuación realizarase na sede da FEGAN, a partir da clasificación xeral de cada xornada. Nesta clasificación non se terá en conta a conversión dos resultados realizados en piscina de 50 metros.

4.- Para os efectos de puntuación só se terá en conta como máximo catro nadadores por clube en cada

proba con independencia dos que participasen.

5.- A puntuación será: 39, 36, 34, 33, 32, 31, 30, 29, 28, 27, 26, 25, 24, 23, 22, 21, 20, 19, 18, 17, 16, 15, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

6.- No suposto de que un clube teña clasificados máis de catro nadadores na mesma proba só puntuarán os catro primeiros. Os clasificados despois non serán puntuados, adxudicándose a súa puntuación ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo clube.

## 1.6. Clasificacións e resultados

1.- Establecerase unha clasificación individual por cada categoría (masculina e feminina) unha vez reunidos todos os resultados de cada sede e unha clasificación total sumando as dúas anteriores.

2.- As clasificacións serán realizadas pola FEGAN, para o cal os clubes organizadores deberán remitir os resultados de cada sede á FEGAN á maior brevidade posible, como máximo deberán atoparse na federación a finais do mes previsto na presente normativa para cada xornada.

3.- Os resultados remitiranse á FEGAN a través de correo electrónico ([resultados@fegan.org](mailto:resultados@fegan.org)).

## 2. Festival Galego “PROMESAS”

### 2.1. Organización, data e sede

1.- No Festival Galego “PROMESAS” poderán participar os dezaseis mellores clubes clasificados nas xornadas locais pola clasificación conxunta.

2.- O Festival celebrarase na data e sede establecida no calendario de natación para a presente tempada.

3.- A competición celebrarase nunha soa sesión que dará comezo ás 17.00 horas.

### 2.2. Programa de probas

1.- 8x25 ESTILOS MIXTO	6.- 50 BRAZA MASCULINO
2.- 50 LIBRES MASCULINO	7.- 50 BRAZA FEMININO
3.- 50 LIBRES FEMININO	8.- 50 BOLBORETA MASCULINO
4.- 50 COSTAS MASCULINO	9.- 50 BOLBORETA FEMININO
5.- 50 COSTAS FEMININO	10.- 8x25 LIBRES MIXTO

### 2.3. Participación

1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculina: nados en 2009 e posteriores.

Feminina: nadas en 2009 e posteriores.

2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertencen aos clubes con dereito a participación.

3.- Cada nadador poderá participar como máximo nunha proba individual e en nas dúas de remudas.

4.- Cada clube poderá inscribir un máximo de tres nadadores en cada proba e dous equipos de remudas. Os equipos de remudas estarán formados por **4 nenas e 4 nenos**.

5.- Aceptarase substitucións de nadadores até 45 minutos antes do inicio da competición, previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo clube inscrito na proba.

6.- Os clubes con dereito a participación deberán confirmala no prazo que se indique oportunamente. En

caso de que algún non participase o seu posto podería ser cuberto polo seguinte clasificado.

## 2.4. Inscripcións

1.- Realizaranse a través do XESDE e a acta de inscrición que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

2.- As inscricións deberán acharse en poder da FEGAN todo máis tardar o martes anterior á data de celebración que figura no calendario de natación para a presente tempada, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida.

3.- Deberán inscribirse tamén os nadadores que participen só en remudas e para substitucións, remitindo o impreso xunto coa acta de preinscrición xerada polo SDP.

## 2.5. Fórmula de competición

1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

2.- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual e a remuda mellor clasificada de cada clube. No suposto de que un mesmo clube teña clasificadas as dúas remudas entre os 16 primeiros só puntuará a primeira. A clasificada despois non será puntuada, corréndose a súa puntuación á seguinte na clasificación.

3.- A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

4.- A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

## 2.6. Clasificacións

1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.

b) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.

c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir).

## 2.7. Títulos e premios

1.- Entregarase un trofeo ao clube clasificado en primeiro lugar na clasificación xeral conxunta como Campión Galego do Festival.

2.- Entregaranse medallas a todos os compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

3.- Entregarase medalla conmemorativa a todos os participantes.

A Coruña, 21 de xullo de 2017

Secretaría Xeral FEGAN